

INFORME-TÉCNICO**Modificacións introducidas no documento do Anteproxecto do Capítulo I de Gastos para o exercicio 2021, respecto da situación actual a data 02/10/2020.****EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO 36223/20**

Tendo solicitado informe respecto aos custes do Capítulo I, segundo as instrucións da Dirección Superior contable e orzamentaria contida no expte 69/142, procedeuse a introducir as seguintes modificacións na simulación orzamentaria para o vindeiro ano 2021, respecto da situación actual do presente ano 2020, que deu lugar ao borrador técnico de proxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2021.

Deste xeito, o técnico de Organización e Planificación de RR.HH procedeu a elaboración do anteproxecto do Capítulo I do orzamentos de gastos para o ano 2020, dacordo coas instrucións recibidas da Xefatura da Área en base ao directrices contidas nos informes do Responsable Superior Contable e Orzamentación anexados ao presente expediente, en base as seguintes lineas de actuación e a efectos de facilitar a adecuada xestión e manexo dos aplicativos de xestión de persoal, Rpt e incidencias ordinarias nesta Area.

- a) *Actualización das diferentes partidas orzamentarias correspondentes a soldo, antigüidade, retribucións complementarias e, Seguridade Social cuota empresarial do persoal que integra a Relación de Postos de Traballo deste Concello, tendo en conta que non se realiza incremento algún sobre as retribucións dos postos vixentes en agosto de 2020, supoñendo una variación de axuste a baixa do 0,449% sobre o orzamentado no ano 2020 nas aplicacións 120, 121, 130.*
- b) *Con respecto ao concepto 160 se manteñen os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2020 sobre a masa retributiva prevista na Ley 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, actualmente prorrogada. Non se presuposta a porcentaxe da cotización ao desemprego das 323 prazas vacantes ao non estar prevista a súa cobertura interina no vindeiro exercicio, por lo menos a totalidade do ano.*
- c) *Mantemento do crédito inicial da aplicación orzamentaria 9200.150.00.00 (Produtividade), ata un máximo de 400.000,00€.*
- d) *Mantemento do crédito inicial da aplicación orzamentaria 9200.151.00.00 (Gratificacións), ata un máximo de 400.000,00€.*
- e) *Dotar a aplicación orzamentaria 920.0.1210300 "Fondo de adecuación retributiva" de crédito inicial aos efectos da realización, no caso de ser necesario, das modificacións puntuais dos postos contidos na R.P.T., nunha contía de 50.000€, segundo instrucións recibidas na reunión técnica previa a elaboración do anteproxecto do Capítulo I de Gastos para o vindeiro exercicio.*
- f) *Dotar os créditos iniciais da aplicación orzamentaria 920.0.1400000 ata un máximo de 767.629,27€ que permitan paliar o déficit de medios humanos existentes no Cadro de Persoal, dado o elevado número de postos vacantes (322 postos nunha plantilla de 1409). Nun principio dótase cunha contía inicial de 767.629,27€ para dar cobertura ao menos aos AFUT (autorización futura de gasto) dos expedientes xa comprometidos, xa que no transcurso do vindeiro ano, as 322 prazas vacantes en plantilla das 1409 existentes, xeneran un excedente mensual de aproximadamente 700.000,00€, cantidade que verase reducida en función das execucións das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para*





suplementar esta aplicación e dotala de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.

- g) *Dotar a partida 920-0.143.00.01, persoal indefinido por sentenza cun crédito inicial de 1.221.141,37€. custe real dos 39 traballadores que contan neste intre coa condición de relación laboral indefinida non fixa, toda vez que a situación deste persoal, a vista do informe xurídico de data 08/07/2019 contido no expediente 34043/220, queda pendente de análise o seu procedemento de regularización.*
- h) *Dotar a partida 221.0.162.04.00 "Fondo Social" ata un máximo de 430.000€.*
- i) *Incluíronse no Cadro de Persoal os custos de 9 prazas vacantes que foron racionalizadas no Cadro de Persoal Presupostario vixente (3 suboficiais Extinción de Incendios, 1 Auxiliar de Servizos internos funcionario carreira, 1 Auxiliar de Servizos internos en réxime laboral, 1 Auxiliar Administración Xeral, 1 Auxiliar Administrativo/a en réxime laboral e 2 axudantes de oficios). Ditas prazas foron reconvertidas en outras nove prazas de persoal funcionario (4 Sarxentos de Extinción de Incendios, 3 auxiliares de Administración Xeral, 1 Enxeñeiro/a Industrial e, 1 Oficial de Oficios) que pasan a formar parte do cadro de persoal orzamentario.*
- j) *Transformar 3 prazas vacantes de Suboficial Extinción Incendios en 4 prazas de Sarxento Extinción de Incendios, Conseqüentemente transformase 3 postos de Suboficial Extinción de Incendios, cód., 83, en catro postos de Sarxento Xefe de Parque Extinción Incendios cód., 96.*
- k) *Transformar unha praza vacante de Auxiliar Servizos Internos funcionario/a carreira, vacante no Servizo de Estatística, cód. 234, nunha praza de Auxiliar de Administración Xeral. Conseqüentemente transformar un posto de Auxiliar Servizos Internos Ventanilla, cód. 381, nun posto cód. 377-Auxiliar Atención Público ventanilla, no referido Servizo.*
- l) *Transformar unha praza vacante de Auxiliar Servizos Internos en réxime laboral, vacante no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, cód. 446, nunha praza de Auxiliar de Administración Xeral. Conseqüentemente transformar un posto de Auxiliar Servizos Internos, cód. 136 nun posto cód. 138-Auxiliar, no referido Servizo.,*
- m) *Transformar unha praza e posto vacante de Auxiliar de Administración Xeral, cód. 138., vacante no Servizo de Contratación, cód. 242, nunha praza e posto de persoal laboral de Oficial de oficios (a) en réxime laboral, con posto de Auxiliar Técnico/a Contratación, cód. 242.*
- n) *Transformar dúas prazas de axudantes de oficios réxime laboral nunha praza de Enxeñeiro/a Industrial e, conseqüentemente dous postos cód. 147-Axudante de Oficios, nun posto de Enxeñeiro /a Industrial, cód. 281 , no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, cod. 446.*
- o) *Transformar unha praza vacante de Auxiliar Administrativo/a en réxime laboral, vacante no Negociado de Bens Inmóveis, cód. 511, nunha praza de Auxiliar de Administración Xeral. Conseqüentemente transformar un posto de Auxiliar Atención Público ventanilla en réxime laboral , cód. 378, nun posto de Auxiliar Atención Público ventanilla, cód. 377, no referido Negociado.*
- p) *Na Área de RRHH e Formación, transfórmase un posto vacante de Xefe/a de Negociado Persoal, nun posto cód. 105*Administrativo/a Admón. Xeral.*
- q) *No Servizo, cód. 445-Parque Móbil, transfórmase un posto vacante de cód. 115-Conducutor/Palista, nun posto cód. 233-Oficial Conducutor.*
- r) *No Servizo de Benestar Social, cód. 301, transfórmase un posto vacante cód.266-Técnico/a Responsable Planificación Benestar Social, nun posto cód. 81-Diplomado/a Traballo Social, toda vez que a traballadora que a ocupaba causou baixa voluntaria por xubilación.*
- s) *No Servizo cód, 451-Unidade Mantemento Servizos Municipais, transfórmase un posto vacante de xefe equipo oficios, cód. 184, nun posto cód. 300-oficial instalacións municipais.*





- t) *Transformar unha praza vacante de Auxiliar Servizos Internos funcionario/a carreira, vacante na Oficina Asistencia Rexistro e Información, cód. 232, nunha praza de Auxiliar de Administración Xeral. Conseqüentemente transformar un posto de Auxiliar Servizos Internos Ventanilla, cód. 381, nun posto cód. 377-Auxiliar Atención Público ventanilla, no referido Servizo.*

O Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2021, ascende a un total de **70.028.171,00€** o que supón un incremento CERO, respecto do mesmo capítulo do orzamento do ano 2020, tendo en conta que non se realiza incremento algún sobre as retribucións dos postos vixentes en agosto de 2020, supoñendo una variación de axuste a baixa do 0,449% sobre o orzamentado no ano 2020 nas aplicacións 120, 121, 130. Con respecto ao concepto 160 se manteñen os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2020 sobre a masa retributiva prevista na Ley 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, actualmente prorrogada, sobre a masa retributiva prevista na Ley 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, actualmente prorrogada, cos axustes realizados respecto das porcentaxes de cotización das 323 vacantes existentes segundo os informes técnicos que figuran no expediente 36440/220 relacionado co presente expediente.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS.- Asdo.: Ezequiel Fernández Carpintero.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/10/2020 08:12

Páxina 3 de 3

Expediente 36223/220

CSV: 21EF8C-2F5HB4-87B63E-GV5H2S-RT59RX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>